



II MEMORIAL RAMÓN ESCUDEIRO TILVE

Do 4 ao 8 de decembro

Rolda 2. Crónica:

“Os Mestres Internacionais estreitan o grupo da cabeza”

Dúas roldas disputadas e tan só 7 xogadores suman a totalidade dos puntos, parte da culpa é dos Mestres do torneo que non están a dar opción ós seus rivais. De non haber sorpresas na terceira rolda, na cuarta viviremos os agardados enfrontamentos directos entre os “a priori” máis fortes da competición.

As primeiras sorpresas chegan de mans dos mais cativos da Escola Xadrez de Pontevedra, hoxe os heroes foron Jaime Paniagua máis Carlos Rivera. Jaime derrotou a Lidia Fernández, unha das xadrecistas invidentes españolas con mellor clasificación mundial. Pola súa banda, Carlos Rivera, fillo do coñecido Mestre Internacional e Presidente da Escola Xadrez de Pontevedra, Daniel Rivera, sumou o segundo empate consecutivo fronte a un xogador con ELO FIDE, puntuación pola que se rexe a clasificación internacional. Sen dúbida Carlos ten un bo exemplo ó que emular.

Entre os máis veteranos, sorte dispar, hoxe Castejón de 78 anos caía ante o Mestre Pérez Fungueiro, máis o xogador francés de 77 anos, Christian Fasting, acadaba a súa primeira vitoria.

O seguimento da retransmisión en liña das partidas continúan traspasando fronteiras, cada día son máis os seguidores en directo do evento, e moitas máis, as mensaxes en lembranza de Ramón que a Escola de Xadrez está a recibir a través das redes sociais.

O venres dispútase a primeira das xornadas maratonianas, cunha rolda as 10:00h e outra máis ás 17:00. Ámbalas dúas pódense seguir en directo e de balde, no Salón de Actos do Casino Mercantil, ou ben a través da páxina web oficial, www.xadrezpontevedra.com

Pablo García
Escola Xadrez de Pontevedra
pablogarcia@xadrezpontevedra.com
Tel. 646524394